




Festas na Escola

# OS MAIOS



COLECTIVO "OLLO DE SAPO"

MARÍA PILAR LORES TORRES  
XOSÉ CARLOS MORGADE MARTÍNEZ



# Índice



As festas do Ciclo de maio	5
Os maios	11
Educación Infantil	47
Primeiro Ciclo de Educación Primaria	73
Segundo Ciclo de Educación Primaria	93
Terceiro Ciclo de Educación Primaria	117
Educación Secundaria	135
Pasatempos do maio	139
Obradoiro	149
Textos etnográficos	159
A música dos maios	175
O maio na literatura	177
Refraneiro	183
O maio en discos	185

# As festas do ciclo de maio

## As orixes

**Q**ui distintas teorías entre os antropólogos sobre as orixes das festas de maio; mentres algúns autores, como Risco ou Cuevillas, defenden a procedencia céltica, outros, coma Le Goff, establecen os seus antecedentes nas festas clásicas (gregas e sobre todo romanas); mesmo Vicetto chega a propoñela procedencia centroeuropea, quizais sueva. Posiblemente tódolos autores teñan ben fundamentadas as súas teses e as festas relacionadas coa agricultura e o espertar da vida vexetal fosen celebradas en case tódolos pobos de tradición agraria.

Deste xeito tódolos antropólogos coinciden en salientar que existe un ciclo de festas relacionadas co espertar da natureza e a chegada do bo tempo; este ciclo é situado por Julio Caro Baroja(1) entre mediados de abril e mediados de maio e coincidiría coas celebracións romanas en honra de Ceres, deusa da agricultura, e na tradición cristiá comenzaría polo San Xurxo, o 23 de abril, con remate na festa da Ascensión, a mediados de maio. Algúns autores prolongan o ciclo deixa a festa de San Xoán, no solsticio de verán, co que cinguen na mesma alínea as celebracións da xermolación e da floración das plantas.

Un pequeno grupo de antropólogos(2) sostén que estas festas están constituídas por un ritual animista para asegura-lo agromar das sementes e o crecemento dos animais, ofrecendo, por medio das ceremonias que se celebran, homenaxe ós espíritos de plantas e animais.



En todo caso é indiscutible a celebración, nas festas do ciclo de maio, do espertar da natureza, a protección de vexetais e animais, e mesmo a celebración do inicio do amor, nun contexto dinamizado pola ledicia perante o alvorexar da vida nova.

### **As Manifestacións**

En Galicia tiveron tradicionalmente moita forza as distintas manifestacións do ciclo de maio, se cadra polo carácter eminentemente agrario da sociedade tradicional galega. Clodio González Pérez(3) clasifica estas manifestacións en:

#### 1-Manifestacións agrarias

Abundantes noutro tempo, hoxe xa desapareceron ou consérvanse illadas nalgúns zonas rurais. Entre elas podemos citar:

- a) Alumea-lo pan.- É un rito que inda hoxe se conserva nalgúns zonas de Outes, Rois e Negreira. Na noite anterior ó 1º de maio os veciños saen con fachos de colmo ou palla polas terras cultivadas e realizan unha cerimonia de protección ás sementes para afastar delas os perigos que as poidan estragar.
- b) Os ramos.- Consiste no costume, que inda pervive en moitos lugares de Galicia, de poñer ramos de xesta ou codeso nas terras cultivadas, especialmente despois de sementadas.

#### 2-Manifestacións pecuarias

Como exemplo delas está o costume de deixar sen ata-



lo gando o día 3 de maio, día da Santa Cruz, ou enfeita-lo con flores ou poñerlle algún sinal. Tamén se poñen ramos nas cortes do gando ou nos apeiros de labranza.

### 3-Manifestacións mariñeiras

Son escasas, xa que se considera que o peixe neste mes non está en comida. Reducíanse a poñer ramos nos barcos cando se remataban de construír ou a facer maios con forma de barco.

### 4-Manifestacións lúdicas

Son as que mellor se conservan e, xa que logo, as máis coñecidas popularmente. Os maios son o exemplo máis significativo, coa función de anunciar o rexurdimento da vida vexetal e a despedida do inverno. Poden ter diversas formas:

- a) Os arcos.- Xa escasos hoxe en día, facíanse arcos engalanados con flores e follas que se colocaban en prazas e camiños. Tamén había o costume de cubri-los de certos lugares con flores e follas.
- b) A árbore de maio.- Costume xa case desaparecido, consistente en erguer nun lugar céntrico e visible (unha praça, un outeiro) unha árbore derramada de tódalas pól as agás as do curuto. Algunhas veces se lle colgaba un boneco, o "maio".
- c) Os maios.- Son a expresión máis enxebre, da que falaremos más adiante.

# Terceiro Ciclo de Educación Primaria



## COPLAS DE MAIO

Aí vén o maio  
galán e florido.  
Pola lúa chea  
naceu pequenijo.

Aí vén o maio  
florido e galán.  
Tódalas rapazas  
amores lle dan.

O maio burleiro  
que rico que vén.  
Din que trae as flores,  
din que trae o mel.

Din que trae as herbas  
para namorar  
e o caravel roxo  
da beira do mar.

O maio dos ventos,  
señor capitán.  
Bótelle as maiolas  
da hucha do pan.

Álvaro Cunqueiro  
Mondoñedo 1934



### 1- Vocais fuxidas.

A estas coplas de Álvaro Cunqueiro o vento levoulle as vocais que faltan. Poñédelas entre todos ou repartide cada copla a un grupo:

-- v\_n \_ m\_--  
g\_l\_n \_ fl\_r\_d\_.  
P\_l\_ l\_ ch\_--  
n\_c\_-- p\_q\_ n\_ñ\_.

-- v\_n \_ m\_--  
fl\_r\_d\_ \_ g\_l\_n.  
T\_d\_l\_s r\_p\_z\_s  
\_m\_r\_s ll d\_n.

\_ m\_-- b\_rl\_ \_r\_  
q\_- r\_c\_ q\_- v\_n.  
D\_n q\_- tr\_ \_ s fl\_r\_s,  
d\_n q\_- tr\_ \_ m\_l.

D\_n q\_- tr\_ \_ s fl\_r\_s  
p\_r\_ n\_m\_r\_r  
\_ \_ c\_r\_v\_l r\_x\_  
d\_ b\_ \_r\_ d\_ m\_r.

\_ m\_-- d\_s v\_nt\_s,  
s\_ñ\_r c\_p\_t\_n.  
B\_t\_ll\_ \_s m\_ \_ l\_s  
d\_ h\_ch\_ d\_ p\_n.



## 2- O Pictomaio.

Asignamos unha copla a cada grupo e dámoslle unha cartolina ou folla tamaño DinA3. O grupo debe escribi-la copla copiando en letras grandes ou recortando palabras de titulares de revistas. Os substantivos e adjetivos debe procurar substituílos por debuxos, feitos por eles ou recortados. Con tódalas follas facemos un mural.

## 3- O maio burleiro.

A terminación -eiro pode ter diversas significacións: oficio (augardenteiro), calidade (pequeneiro), xentilicio (betanceiro) ou lugar (maleteiro). Ponlle o sufijo ás seguintes palabras e escribe o seu significado:

burla	.....	.....
lúa	.....	.....
caravel	.....	.....
mar	.....	.....
vento	.....	.....
A Habana	.....	.....
alto	.....	.....
pan	.....	.....

## 4- Pola lúa chea.

¿Chea de que? ¿De que pode estar chea a lúa? Colle un calendario e busca en que fase está a lúa no día de hoxe. Completa o cadre do mes e colorea a fase na que andamos.



MES DE .....

Fase lunar.....

Data de inicio .....

Símbolo.....

### 5- Galán e florido.

Substitúe esta parella de adjetivos por outras:

Aí vén o maio \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

\_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

\_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

### 6- O maio acentuado.

Busca nas coplas palabras dos tres grupos:

Esdrúxulas	Graves	Agudas

### 7-Esculca a razón.

¿Por que "lúa" leva til?

- Porque é moi presumida.
- Porque é aguda e remata en vocal.
- Porque ten un hiato.
- Porque é grave.



### 8-¿Cal é o nome?

Nunha copla fala das castañas, con tona ou sen ela, que se curan no canizo ou no canastro e se comen ata a primavera. Esculta o nome.

-----

### 9- Coplas tolas.

Unha vez descuberta a palabra do exercicio anterior, repartimos entre os rapaces papeis con algunha das letras da palabra "maiolas". Cada un ten que fazer unha frase que empece pola súa letra. Coas frases facemos poemas disparatados:

M .....

A.....

I .....

O.....

L.....

A.....

S.....

### 10- Mensaxe en clave.

Neste papel está agachada unha mensaxe secreta.

7	8	1	7	6	3	5	12	15	10	12	13	4	6	3	4	15	1	13	15	14	3	12	5
3	17	8	7	16	17	7	6	7	3	9	7	4	3	11	13	9	3	15	11	3	2	13	11
3	15	3	10	12	13	17	7	6	14	4	5	4	17	3	12	1	7	6	4	7	16	1	
13	5	13	16.																				



## Terceiro ciclo de educación primaria

\* Descúbrea aplicando o seguinte código:

$$A = 14:2$$

$$C = 45:9$$

$$D = 11:1$$

$$E = (3 \times 9) - (7 \times 2)$$

$$I = 3\frac{4}{3}$$

$$L = 72:9$$

$$M = 180:20$$

$$N = 8 + (10 - 3)$$

$$\tilde{N} = 0,2 \times 10$$

$$O = 30:10$$

$$P = (3 \times 5) + 2$$

$$Q = 100:10$$

$$R = (9 \times 4):6$$

$$S = 24\frac{2}{3}$$

$$T = 82 - 68$$


$$U = 120:10$$

$$V = 7/7$$

Solución: Álvaro Cunqueiro inventou coplas para o maio de Mondoñedo, no que participou varias veces.


### 11- Os maios dos números.

Completa os números destes maios humanos:



### 12- Campo de maio.

¿Cantas flores hai neste campo?





### 13- Maio de peso.

En Mondoñedo este ano Celso vístese de maio. Pesa 62 kg. e 250 gr. e logo de cuberto co manto vexetal pesa 11 Mg. 3kg. e 72 Hg. ¿Cantos quilos pesa o que leva enriba?

\* Para suxeitar ese manto vexetal atáronlle arredor da cintura un cordel que media unha cantidade de cm. tal que ó sumarlle o triplo do número de días da semana dá a metade de 300. ¿Cantos cm. media o cordel?

### 14- Minibiografía.

Celso ten 12 anos. É un rapaz ocorrente e divertido que goza participando no maio. ¿Como será un día na súa vida, dende o abrente á noitiña? Cóntao polo miúdo.

### 15- Reporteiros.

Celso e os seus compañeiros decidiron recuperalo costume de alumea-lo pan na súa aldea. Prepararon todo e á noitiña do derradeiro día de abril colleron cara a unhas leiras na beira do río. Pero non esperaban ser protagonistas da aventura na que se viron mesturados... Por parellas esculcade o que aconteceu. Preparade a noticia para dar no "Telemaio".

### 16- Maio despistado.

O maio vai bailando polas rúas mentres os rapaces cantan, pero vai perdendo flores. Os de arredor vólvenllas poñer pero mudadas de sitio. Cambia as letras de unha en unha e constrúe palabras novas.

*maia - mala*

*xesta - sesta*



## Terceiro ciclo de educación primaria

### 17- Maio espido.

Ó cabo, o maio perdeu o seu corpo co baile. Soamente queda o armazón. As coplas tamén desapareceron. Soamente ficaron os dous primeiros versos e os dous últimos. Inventa ti un texto para as coplas, inda que sexa en prosa:


Aí vén a maia galán e florida. ....

.....e bótelle as maiolas da fucha do pan.

### 18- Facemos un herbario

Recollemos flores e follas. Ollámolas ben. Despois cubrímo-la ficha para cada unha e facemos na aula un ficheiro.

Planta	
Nome popular-----	
Nome científico-----	
<input type="radio"/> Folla	
Tamaiño----- cm.	
Cor: Cara-----	Revés-----
Textura: Lisa/Rugosa	
Forma: triangular/ovalada/alongada/aveolada	
Nervadura: única/varia/ramificada	
<input type="radio"/> Flor	
Pétalos: nº----- forma -----	cor-----
Cáliz: si/non	
Estames: si/non forma -----	cor-----
Pistilos: si/non forma -----	cor-----
Observacións:	
_____	
_____	



### 19- Os maios de aquí.

Que o alumnado esculque na súa casa as manifestacións de maio que se celebran no contorno: tipo, modalidades, variantes, etc. Na aula, despois de facer unha posta en común, fotocopiamos un mapa da comarca e, elixindo un símbolo axeitado, situámo-las celebracións no mapa.

### 20- O baile do maio

O maio sae a bailar despois de levar durmindo todo o inverno. O alumnado aprende as coplas de Cunqueiro coa melodía propia dos maios humanos. Dous rapaces, un fronte ó outro, coas mans collidas e erguidas, fan de maio humano. Os demais van cantando e pasando por debaixo do maio. O mestre levará o pulso cun instrumento de percusión. Mientras este soe, os rapaces pasan polo maio, que ten as mans erguidas. Cando deixa de soa-lo instrumento, o maio baixa as mans e prende os que pasan por debaixo, que van formar parte do maio humano. Pouco a pouco o maio é máis longo e os rapaces que cantan diminúen. O xogo remata cando tódolos rapaces estean no maio.

### 21- Hai que buscar.

¿Quen é Álvaro Cunqueiro? ¿Un cantante?

Investiguemos. Cada un debe buscar datos deste personaxe e elaborar unha ficha con eles. Lede un anaco dalgunha obra del que vos indique o7a mestre7a.

Nome:

Vida:

Obras salientables:



## COPLAS DO MAIO DA SECA

---

Por se tivesemos pouco  
co da adulteración,  
inda podemos sumarlle  
o da contaminación.

Diminúen os mariscos  
e o peixe tamén morre  
debido a todo o veneno  
que por cheo a percorre.

O máis triste desta historia  
e que causa admiración  
é que non tomen medidas  
que lle poñan solución.

Pois por algunas empresas  
a nosa fermosa ría  
quedou toda transformada  
en canle de porquería.

Us din que é polo mercurio,  
outros que é polo serrín,  
pero o caso é que ós peixes  
non os deixan nin vivir.

Entre o cloro e o tablex,  
o papel e mais a sosa,  
toda a vidiña da ría  
ficará morta na foxa.

Erguémonos dende o maio  
cara ás autoridades,  
pregándolles non consintan  
tan grandes barbaridades.

Pontevedra 1975



## 1- As coplas coxas.

Nestas coplas faltan palabras. Son as que están no maio. Agrúpaas por parellas segundo a súa rima e completa as coplas. Despois le as coplas completas.

Por se tivesemos pouco  
co da \_\_\_\_\_  
inda podemos sumarlle  
o da \_\_\_\_\_.

Diminúen os mariscos  
e o peixe tamén \_\_\_\_\_  
debido a todo o veneno  
que por cheo a \_\_\_\_\_.


O máis triste desta historia  
e que causa \_\_\_\_\_  
é que non tomen medidas  
que lle poñan \_\_\_\_\_.

Pois por algunas empresas  
a nosa fermosa \_\_\_\_\_  
quedou toda transformada  
en canle de \_\_\_\_\_.

Uns din que é polo mercurio,  
outros que é polo \_\_\_\_\_  
pero o caso é que ós peixes  
non os deixan nin \_\_\_\_\_.

Entre o cloro e o tablex,  
o papel e mais a \_\_\_\_\_,  
toda a vidiña da ría  
ficará morta na \_\_\_\_\_.

Erguémonos dende o maio  
cara ás \_\_\_\_\_,  
pregándolle non consintan  
tan grandes \_\_\_\_\_.





## 2- Semellantes.

Busca sinónimos para estas palabras:

sumarlle	morre
triste	admiración
fermosa	ficará
autoridades	grandes
veleno	pouco
diminúen	consintan

## 3- Contrarios.

Escribe un antónimo de cada palabra:

morre	cheo
erguémonos	grandes
esquerda	dentro
uns	mocidade
facer	amigos
lonxe	diante

## 4- ¿De que falan as coplas?

Une cada palabra co seu significado:

adulteración	1- Acción de falsificar algo quitándolle a súa pureza.
canle	2- Cova profunda natural ou feita polo home.
veleno	3- Substancia prexudicial para a saúde.
ría	4- Cauce artificial para a auga.
foxa	5- Esteiro ou tramo final dunha vía fluvial asolagada polo mar.



## 5- Ortografía.

Nas coplas hai unha palabra con -mp-.

Atópaa: \_\_\_\_\_

\* Completa con -mb-, -mp-, -mn- ou -nm-.

i\_ \_ortar

i\_ \_ostor

xi\_ \_asia

u\_ \_río

alu\_ \_ado

i\_ \_oral

i\_ \_igrante

i\_ \_ediato

a\_ \_ulancia

sole\_ \_e

co\_ \_render

i\_ \_óbil

\* Completa con s/x:

pei\_e

e\_tran\_eiro

ro\_eira

pe\_ego

cerei\_a

\_emente

e\_polio

\_eonlllos

amei\_a

laran\_a

né\_però

e\_celente

## 6- Comparamos coplas.


Despois de le-las coplas de A. Cunqueiro e as do Maio da Seca, establece as características de cada unha.

	Coplas de A. Cunqueiro	Coplas do Maio da Seca
Críticas con retranca		
Só louvan o maio		
Non varían nunca		
Varían de ano a ano		
Riman os versos pares		




### 7- O maio xeométrico.

O maio da Seca é un maio figurado, coma este que está desfeito. Pór os números nas pezas do maio que corresponden ás formas xeométricas soltas. ¿Sabe-lo nome destas formas?



### 8- Olla con ollو.


Escolle e decora os triángulos que máis se asemellen ó maio figurado. ¿Como se chaman estes triángulos?  
Debuxa os seus eixes de simetría.





### 9- ¡Que problema!

Na clase imos fazer un mural sobre o maio. Eu teño que debuxar un gran triángulo. O ángulo  $A$  mide  $78^\circ$ . ¿Canto medirán os ángulos  $B$  e  $C$ ?




### 10- Calculamos.

No colexio tamén imos fazer un maio. Terá 124 cm. de diámetro. ¿Cal será a lonxitude do aro maior?

### 11- ¡Vaia arameira!

Para colga-las capas de fiúncho precisamos arames cada vez más curtos. Se o máis longo ten 172 cm. e van diminuíndo en 12,5 cm. ¿Cal é a lonxitude total dos 8 arames do maio?



### 12- Cálculo mental.

En dúas horas, xa colocámo-las  $\frac{3}{4}$  partes do fiúncho. ¿Canto fica por colocar? Debuxádeo.



### 13- Ganancia neta.

Coa venda das coplas os rapaces da Seca gañaron 9.600 pesos. Se gastaron  $\frac{3}{12}$  desta cantidade en merca-los materiais, ¿cántas pesetas lles quedan para a merenda?





### 14- Maio matemático.



O noso maio está enfeitado con coroas de diferente lonxitude:



$$5231,18 : 24 = \underline{\hspace{2cm}} \text{ cm.}$$



$$787,865 \times 6,837 = \underline{\hspace{2cm}} \text{ cm.}$$



$$11,2024 \times 2,9 = \underline{\hspace{2cm}} \text{ cm.}$$

### 15- O Maio Internacional.


¿Como son estas palabras noutros idiomas?

Galego:	laranxa	ovo	flor	fiúncho	pao	maio
Castelán:						
Euskera:						
Catalán:						
English						
Français						

### 16- Pasatempo.

Coas palabras do exercicio anterior, elaborade por equipos unha sopa de letras en cada idioma en tarxetas.


Facede os debuxos ó redor da sopa de letras e enviáde-as ós compañeiros do 2º ciclo para que as solucionen.



## 17- Rosca xeométrica.


Por participar no concurso dos maios, os da Seca recibiron unha rosca moi rica. ¿Como se chama esta figura xeométrica? Sabendo as medidas dos radios, ¿que superficie ocupa a masa?

$$R = 30 \text{ cm.} \quad r = 12 \text{ cm.}$$



## 18- Fita ben.


Os rapaces que participaron este ano no maio da Seca tiñan distintas idades. Descúbreas ti neste encrucillado inglés.





### 19- Políglota.

Completa o vocabulario coas accións dos compoñentes do maio:



W ---


R -- D

L - S ---

W -- T -

### 20- Anatomía.

Escribe o nome das partes do corpo da rapaza que taparon para facer un maio humano.





### 21- Maio cromático.

Pinta este maio coas cores que se che indican:

1 = brown


2 = orange

3 = yellow

4 = green

5 = pink

6 = white



### 22- Maio literario.

Constrúe este "mecano poético" unindo con tódalas combinacións posibles estes substantivos. Para as unións usa os enlaces da lingua.


Ex.

Río, flor, maio

Río de flores

Flores no maio

Maio ó río



### 23- Maio rimado.

\* Fácede equipos de 3 ou 4 membros. Cada equipo debe dicir unha palabra que rime con estas:

adulteración

ría

morre

serraduras

admiración

sosa

autoridades



## Terceiro ciclo de educación primaria

\* Cando teñáde-las palabras que riman, ides facer frases con oito sílabas que rematen coa palabra escollida:

Ex:

marre → torre

Frase:

su   be   á   al   ta   da   ta   rre  
1      2      3      4      5      6      7      8

\* Substituíde o cuarto verso de cada copla pola vosa frase. Veredes como tamén podedes inventar coplas:

Diminúen os mariscos  
e o peixe tamen morre  
debido a todo o veneno  
"sube ó alto da torre".

\* Para cada copla nova, debuxade unha viñeta. Facede un mural con todas e poñédelle título.

### 24- O Maio viaxeiro.

Iniciamos na aula unha historia sobre o acontecido a un grupo de rapaces ó facer un maio. Con varias follas grampadas elaboramos un libro no que escribímo-lo comenza da historia. Cada día un alumno leva o libro para casa e continúaa coa súa familia. Cada día na clase lese e coméntase. Despois de cambia-lo que se considere oportuno, outro alumno leva o libro e así van facendo un conto colectivo. O derradeiro debe remata-la historia. Ilustrámolo, poñémoslle título e incorporámolo á biblioteca de aula.



### 25- O Maio refraneiro.


Coas sílabas átonas forma un refrán. Explica o seu significado

entón cama maio lúa inflar bancada vea veloz molla  
saquen delta río salón raio.

### 26- O maio explora.

Aquí tes un debuxo dun accidente xeográfico propio de Galicia que citan as coplas da Seca.

- \* ¿Como se chama? \_\_\_\_\_
- \* ¿Existe outro accidente xeográfico parecido? ¿Como se chama? \_\_\_\_\_



- \* No mapa da aula localizade tódalas rías galegas.

### 27- Deducción.

Xa sabedes que as rías galegas divídense en Rías Altas e Rías Baixas ¿Por que teñen estes nomes? Razoade a vosa resposta e consultade nos libros a correcta.



## 28- Hidrografía.

Nun mapa mudo repasade tódalas rías de Galicia cos ríos que desembocan en cada unha. Poñédelles etiquetas cos nomes de diferente cor ás Rías Altas e Rías Baixas.

## 29- Os peixes.


Galicia é mariñeira porque \_\_\_\_\_.

Nas nosas rías e costas viven moitos peixes e mariscos diferentes. Nas redes dos pescadores enleáronse algunas especies alleas. Atópaas e táchaas:

rodaballo	quenlla	ollomol	centola
xuralo	pescada	xarda	robaliza
sardiña	balea	castañeta	mexillón
necora	bacallau	camarón	fanea
atún	sargo	lamprea	

## 30- Pictograma.

Substitúe os debuxos por palabras:





### 31- A Contaminación

#### a) Investigación

- \* ¿Que industrias contaminantes están instaladas na ría de Pontevedra?
- \* Sobre un mapa de Galicia situade as principais industrias do país.
- \* Analizade a súa situación, producción, efectos sobre o contorno, beneficios, prexuízos, etc.
- \* Posta en común sobre os traballos realizados. Exposición dos traballos, distribuídos en murais.

#### b) A contaminación nos xornais. Recollemos dos xornais tódalas novas que falen da contaminación ambiental (terrestre, marítima, fluvial e atmosférica). Expoñémolas no cortiza da aula baixo o título "A contaminación nos xornais".

#### c) Debate.


En gran grupo debatemos sobre a compatibilidade das industrias contaminantes como as de celulosas e a vida mariña nas rías.



## Refraneiro

- O mellor trasfogueiro, en maio para mim o quero.
- O que en maio non merenda, ós mortos se encomenda.
- Pola Santa Cruz de maio o lobo e o corvo nado e o raposo medio criado.
- Se marzo maiea e maio marcea, ¡pobres dos pobres que viven na aldea!
- Se non houbera maio, non habería ano malo.
- Tras de maio vén San Xoán.
- ¡Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano!
- ¡Maio maiolo, oxalá duraras o ano todo!

# O maio en discos



\* **Brath:** Kalaikía. LP, Fonogram, Madrid 1982.

Tema: Primaveira. Letra e música: Eloi Caldeiro.

\* **Doa:** Perfiles. LP, Sociedad Fonográfica Asturiana 1986.

Tema: Maio. Instrumental.

\* **Dolores Plata:** Lúa descolorida. LP, Edigal, Madrid 1985

Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro, Música: Rodrigo Romaní

\* **Emilio Cao:** Amiga alba e delgada. LP, Edigal. Madrid 1985

Tema: Sol de maio. Instrumental. Música: Emilio Cao

\* **Luís Emilio Batallán:** Ahí vén o maio. LP, Movieplay, Madrid 1975

Tema: Ahí vén o maio. Letra: M. Curros Enríquez Música: L. E. Batallán

\* **Muxicas:** O demo fungón. LP, Edigal, Madrid 1988

Tema: Maio. Cancioneiro de Casto Sampedro e Folgar.

\* **Muxicas:** Muxicas. LP, Edigal, Madrid 1986

Tema: O maio de Vilalba. Música: Francisco Blanco

\* **Na Lúa:** A estrela de maio. LP, Edigal, Madrid 1987

Tema: Maio. Tradicional.



## O maio en discos

Tema: Non ven al maio. X. Paz Antón.

Tema: Maio, maduro maio. José Afonso

Tema: A estrela de maio. X. Paz Antón

\* **Na Lúa:** Na Lúa. LP, Edigal Madrid

Tema: Vértolas de maio. Antón Rodríguez

\* **Xocaloma:** Rosas de luz. LP, Sons Galiza, 1990


Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro .Música: Rodrigo Romaní

# Bibliografía



## ETNOGRÁFICA


- CARO BAROJA, JULIO: *La estación de Amor. Fiestas populares de mayo a San Juan.* Ed. Taurus. Madrid 1979.
- FERNANDEZ ESPINOSA, LUIS M<sup>a</sup>.: *Canto popular gallego (colección de temas musicales y coplas gallegas).* Madrid 1940.
- FILGUEIRA VALVERDE, XOSÉ: *A festa dos maios. Papeletas de folklore galego.* Arquivo do Seminario de Estudos Galegos I. Santiago de Compostela, 1927.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A festa dos maios.* Colección Raigame, nº 1. Ed. Ir Indo. Vigo 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A festa dos maios en Galicia.* Ed. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *As festas cíclicas do ano.* Manuais do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1992.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A música popular na sociedade rural. Home, espacio e terra en O feito diferencial galego, II A música.* Vol.1. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela 1998
- GREGORIO FERNÁNDEZ, EMILIO R.: *Os maios. Notas para un estudio do ciclo de maio.* El Museo de Pontevedra, tomo 26, 1972.
- LÓPEZ DE SOTO, XAQUÍN: *Os maios en Pontevedra entre 1848 e 1853.* Casal de Edicións. Pontevedra 1992.
- RISCO, VICENTE: *Etnografía: cultura espiritual,* en *Historia de Galiza* de R. Otero Pedrayo, vol. 1. Akal Editores. Madrid 1979
- SAMPEDRO Y FOLGAR, CASTO: *Cancionero popular de Galicia.* Fundación Barrié de la Maza. A Coruña 1942.
- TORNER, Eduardo M./BAL y GAY, Jesús: *Cancionero Gallego.* Fundación Barrié de la Maza. Madrid 1973.



## Bibliografía

### DIDÁCTICA

- COLOMER, JAUME: *Fiesta y escuela. Recursos para las fiestas populares.* Colección El Lápiz. Ed. Graó. Barcelona 1987.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *Os maios. Papeis de Educación/2.* Ed. Concello de Santiago. 1984.
- TARRÍO FERNÁNDEZ, JOSÉ ANTONIO: *Cultura, Educación e Tradicións Populares en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 50.* Ed. do Castro. Sada 1989.



ESTE LIBRO RECIBIU LINHA AXUDA Á EDICIÓN DA:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
Dirección Xeral de Política Lingüística

